

O Fondo Galego de Cooperación renova a súa Executiva con Redondela na Presidencia

□ A Asemblea Xeral de socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade renovou o 30 de setembro por unanimidade a Comisión Executiva, que nos próximos catro anos vai estar presidida por Teresa París, representante do Concello de Redondela. A vicepresidenta será Isaura Abelairas, do Concello de Vigo, mentres que a tesoureira vai ser Pilar Gallego, do Concello de Allariz. A Secretaría continuará correndo ao cargo do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), que impulsou a creación da asociación en 1997.

O órgano de goberno e administración do Fondo Galego, que se renova despois de cada convocatoria de eleccións locais, conta tamén con cinco vogalías. Nelas estarán María Jesús González Roel, polo Concello de Cambre; José Luis Quintela, polo Concello da Coruña; Isabel Rodríguez, polo Concello de Viveiro; Antonio Veiga, pola Deputación de Lugo e Ángel García Seoane, polo Concello de Oleiros.

A composición da nova Executiva foi proposta pola Comisión saínte, tendo en conta a actual configuración partidaria das entidades locais galegas.

Alfredo Novoa, presidente do Fondo Galego desde 1997 ata hoxe, agradeceu ás compañeiras e compañeiros o traballo feito durante estes 14 anos, nos que todas as decisións se tomaron por **consenso**, pondo de lado diferenzas partidistas ou doutra índole. “Sempre houbo unha posición construtiva por parte de todos os socios que permitiu debater ata acadar acordos, pois a cooperación non ten siglas”, apuntou.

Tras recibir un agasallo da mans do director do IGADI, Xulio Ríos, Novoa desexoulle á nova presidenta “sorte e ánimo” para seguir apoiando aos países empobrecidos. Teresa París, pola súa banda, coincidiu na súa intención de traballar desde o consenso, sumando esforzos para atinxir unha cooperación máis eficaz e eficiente, sen perder nunca de vista o obxectivo principal: mellorar as condicións de vida das persoas dos países do Sur.



Alfredo Novoa presidiu o Fondo Galego de Cooperación durante 14 anos. A nova presidenta, Teresa París, é concelleira de Servizos Sociais, Ensino e Muller no Concello de Redondela.

A cidadanía galega avoga polas políticas de cooperación mesmo en tempos de crise

□ Entre as galegas e galegos existe un consenso practicamente xeralizado a prol das políticas de cooperación, xa que o 98% considera que os países ricos deben destinar recursos a axudaren os países empobrecidos. Son datos dun estudo realizado pola Universidade de Santiago de Compostela para a Dirección Xeral de Relacións exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

O estudo apunta que a cidadanía galega amosa un alto grao de preocupación pola situación nos países do Sur e considera a pobreza e a desigualdade o problema máis importante ao que se enfrenta o mundo na actualidade. Mesmo no actual contexto de crise económica, maniféstase unha posición favorable ao mantemento da axuda, aínda que se vincula ao cumprimento de determinadas condicións por parte dos países destinatarios, coma o respecto aos dereitos humanos, o impulso da democracia ou a loita contra a corrupción.

Segundo o estudo, a poboación galega estima que o obxectivo principal destas accións debe ser satisfacer necesidades básicas coma a alimentación, a educación e a atencións sanitaria. A zona xeográfica sinalada como preferente é a África Subsahariana, seguida a gran distancia por América Latina.

O informe sobre 'Coñecemento e actitudes dos cidadáns galegos cara a política de cooperación e axuda para o desenvolvemento' revela asemade que o nivel de coñecemento sobre estas políticas é bastante baixo. A opinión pública galega tamén é bastante escéptica respecto da súa eficacia a causa de obstáculos externos, coma a interferencia de dirixentes políticos dos países receptores.

No entanto, a análise realizada polos investigadores Miguel Caínzos, Celestino García Arias e Ramón Bouzas Lorenzo apunta que a implicación persoal das galegas e galegos con actividades relacionadas coa cooperación é moderadamente alta. O estudo completo pode consultarse na ligazón

http://www.cooperaciongalega.org/documentos_ver.php?idSeccion=115&idelemento=43

O voluntariado de Vacacións con Traballo comparte a súa experiencia no Sur a través dun blog

As experiencias das e dos participantes no programa Vacacións con Traballo 2011 xa se poden seguir a través dos blogs publicados en www.fondogalego.org. As estadias deste programa de voluntariado internacional arrancaron coa viaxe a Cabo Verde de dous empregados da Deputación de Pontevedra.

María José Pérez González, arquitecta da Unidade de Promoción e Desenvolvemento, colaborou durante o mes de outubro coa Cámara Municipal do Paúl, en actividades de renovación urbana, rehabilitación e preservación. Participou asemade en accións de formación para os técnicos locais e aproveitou para supervisar os proxectos apoiados na zona polo Fondo Galego.

Joaquín Lede, coordinador de proxectos europeos na Administración provincial, cooperou coa Cámara de Porto Novo. Alí axudou en tarefas coma a revisión do Plan de Acción Municipal ou a análise de posibles achegas de financiamento, comezando polas da Unión Europea.

No Paúl atópase ata mediados de novembro Cristina Moreiras, técnica de Medio Ambiente do Concello de Ourense. Ademais de botar unha man no servizo municipal equivalente en materia de augas residuais ou tratamento do lixo, a moza traballará a concienciación medioambiental con alumnado de varios centros educativos.

O ourensán Diego Sánchez pasará o mes de novembro en Nicaragua. Este técnico de Turismo no Concello de Castrelo de Miño colaborará en Totogalpa co INPRHU, apoiando o plan de desenvolvemento turístico, vencellado aos recursos naturais e culturais da zona.



María José Pérez e a alcaldesa do Paúl, Vera Almeida, inaugurando as 22 vivendas rehabilitadas na primeira fase do proxecto en Eito, co apoio do Concello de Vigo.



Joaquín Lede, traballando na Cámara Municipal de Porto Novo.

A nova presidenta do Fondo Galego, Teresa París, entérvistase cos responsables autonómicos de Cooperación

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, e máis a subdirectora xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero, recibiron en Santiago de Compostela á nova presidenta do Fondo Galego, Teresa París, e aos representantes da Secretaría Técnica. Na xuntanza analizouse a situación da cooperación en Galicia no actual contexto de crise e renovouse a vontade de colaboración entre as dúas entidades para fortalecer o compromiso solidario de Galicia e o sistema galego de cooperación. A xuntanza serviu ademais para repasar o estado dos proxectos conxuntos.



Teresa París, á dereita, con Jesús Gamallo e Pilar Romero.

Remata o proxecto con Amigos ESCAES Perú a prol da alfabetización e a boa alimentación...



Familias beneficiarias na sede de Escaes, cos cuyes.



O proxecto permitiu incrementar a produción hortícola.

□ A ONGD Amigos ESCAES Perú e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade promoveron a alfabetización e unha correcta alimentación en nove comunidades rurais da provincia de Ayabaca, departamento de Piura. A iniciativa desenvolvida no país andino con familias en situación de pobreza extrema recibira 35.000 euros da asociación de Concellos e Deputacións na convocatoria de proxectos de 2010.

O traballo distribuíuse en varias fronteas. Dunha banda, impartíronse clases de alfabetización a 180 persoas, das que o 70% eran mulleres, empregando a metodoloxía Reflect, que propón a elaboración dos materiais de estudo baseándose na realidade local. As propias familias axudaron a instalar 180 cociñas melloradas que permitiron reducir un 60% o consumo de leña. Deste xeito, non só se contribuíu á protección do medio ambiente, senón tamén á redución de problemas de saúde como infeccións respiratorias, conxuntivite, dores de costas nas donas e queimaduras nas cativas e cativos. As mulleres dispoñen asemade de máis tempo para dedicar a outras actividades, o que incide no seu empoderamento.

No marco do proxecto, orzamentado nun total de 53.458 euros, creáronse tamén nove hortas comunitarias e outros tantos módulos para a cría de cuyes, os coellos da zona. Estas medidas permitiron reducir as taxas de desnutrición e mellorar o nivel económico das persoas beneficiarias, coa comercialización dos excedentes, pero tamén posibilitaron o desenvolvemento de capacidades coma o cálculo, a xestión ou a comunicación. Ao mesmo tempo, os excrementos dos coellos empréganse como abono orgánico para as hortalizas e para os pastos sementados como alimento dos propios cuyes.

...e comezan en Nicaragua e Cabo Verde senllos proxectos que mellorarán a habitabilidade



Once familias indíxenas disporán dunha vivenda digna grazas ao proxecto en San José de Palmira.



A familia de Osvaldo Monteiro poderá rematar a súa casa na localidade caboverdiana de Eito.

□ En Nicaragua e Cabo Verde están en marcha senllos proxectos que mellorarán as condicións de habitabilidade das familias beneficiarias. En parcería co Instituto de Promoción Humana (INPRHU), no país centroamericano vanse erguer once vivendas para poboación rural chorotega en San José de Palmira, na municipalidade de Totogalpa. A medida permitirá reducir o risco de contraer enfermidades como as diarréicas, infeccións respiratorias e mesmo o Mal de Chagas. Tamén se capacitará as persoas participantes en materia de autoconstrución e agricultura orgánica. A través do Fondo Galego de Cooperación, o Concello de Vigo destina 52.000 euros a esta iniciativa, mentres que a entidade municipalista a achega 6.190 euros.

Na localidade caboverdiana de Eito estase a executar a segunda fase do proxecto de recalificación urbana iniciado o ano pasado. A iniciativa contempla a construción de baños e cociñas, reparación de fachadas, drenaxe de augas, empedrado das rúas e recuperación de espazos verdes, ademais dunha campaña de sensibilización ambiental. As beneficiarias directas son 17 familias extremadamente pobres do lugar de Lombo Comprimido, aínda que toda a veciñanza gozará dunha contorna máis saudable. Como socios do Fondo Galego, que cofinancia con 2.000 euros este proxecto, o Concello da Coruña achega 20.000 euros, o de Vigo 15.000 e o de Pontevedra 11.000 euros. A actuación enmárcase no Plan de Igualdade e Equidade de Xénero implantado pola Cámara Municipal de Paúl co apoio do Fondo Galego.

O proxecto no Haití continúa avanzando

O proxecto que o Fons Català e o Fondo Galego apoian no Haití continúa avanzando, segundo puido comprobar a técnica Victòria Planas na súa recente viaxe de supervisión sobre o terreo. A axenda da estadia incluíu xuntanzas de traballo cos parceiros locais para analizar a evolución da intervención en Carice, Mombin Crochu e Vallières.

Victòria Planas reuniuse, entre outros, cos alcaldes responsables de implementar os acordos intermunicipais para a prevención e control de riscos e desastres, cos Comités de Protección Civil que manexarán o sistema de información sobre vulnerabilidade fronte as catástrofes naturais e coas mulleres que elaboran os filtros de auga que reducirán a incidencia do cólera.

A técnica puido comprobar tamén como, no marco do proxecto, o alumnado do Centro de Formación Profesional de Carice está a construír un centro polivalente con materiais tradicionais resistentes a terremotos e furacáns, para que sirva como modelo de vivenda. Ademais, xa se reconstruíu a sede da radio comunitaria, incendiada nos incidentes derivados do descontento dalgúns sectores cos resultados electorais.

Victòria Planas entrevistouse asemade con persoal das Nacións Unidas para coordinar as actuacións, ademais de realizar un seguimento dos acordos establecidos cos municipios veciños da República Dominicana, Yajabón e Restauración, para colaborar en tarefas como a reforestación.



Victòria Planas coas mulleres do obradoiro de filtros potabilizadores.

Fondos destacados

14 Kilómetros: 14 quilómetros é a distancia que separa África de Europa... É a barreira que separa os sonhos de millóns de persoas que ven en Occidente a súa única saída para escapar da miseria. Da man de Violeta, Buba e Mukela recorremos unha longa e perigosa viaxe a través do Sáhara, para coñecer o que nunca amosan os medios de comunicación. O filme dirixido por Gerardo Olivares quere achegar un pouco de luz ás sombras da inmigración.



Acabar con la pobreza. Un reto para la cooperación internacional: Por que os gobernos non se ocupan da poboación empobrecida ou non o fan suficientemente? Por que se amosan remisos a apostar decididamente polo aumento das capacidades e oportunidades da poboación desfavorecida? Estas son só algunhas das cuestións que as autoras Pilar Jaime e Melba Castillo, e o autor Manuel Iglesia-Caruncho, tentan responder nesta obra. Segundo as especialistas, a redución da pobreza é unha obriga para todos os gobernos do planeta e un deber ético para a cidadanía do mundo. As nosas sociedades soamente poderán sentirse verdadeiramente orgullosas o día que conquisten a dignidade e estima para todos os seres humanos.




agaresoRADIO
| www.agareso.org
| www.fondogalego.org

VOCES CON FONDO

Séguenos en facebook

Socios do Fondo Galego: **Concellos:** A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castroviride, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Entrimo, Fene, Ferrol, Gondomar, Guitiriz, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Melide, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Moraña, Mos, Mugarbos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, Salceda de Caselas, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vere, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove. **Deputacións:** A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra.



XUNTA DE GALICIA

cooperación galega

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Redacción e Administración: Avenida Joselín, 7, P3-4ºB, 36300-Baiona (Pontevedra) **Tel/Fax:** 986 357 238
Internet: <http://www.fondogalego.org> **email:** info@igadi.org
Tiraxe: 600 exemplares **Depósito Legal:** VG-473-2007